

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 08/01/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
SONIA OUTÓN CASAL
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA DEL ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTORA

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 08/01/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02-ene-2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/0002

Dáse conta do escrito presentado por ArtyCirco S.L. solicitando autorización para instalación de circo do 01 ao 14 de xullo de 2024 no parking detrás de Fexdega. a Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude, polas obras que se están a realizar na zona actualmente.

PRP2024/0007

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Rita Cores Osorio e/n Asoc. de Veciños Agustín Romero, solicitando adopción de medidas para mellora de tráfico e visibilidade nas rúas Veiga, Moscallo e Agustín Romero.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda colocar nas interseccións de Moscallo con r/ Camiño Novo, r/ Revelle con Avda. de Cornazo e en r/Moreira coa Veiga, unha sinal R301(30) de velocidade limitada a 30, ademáis realizaranse controis aleatorios de velocidade en diversos puntos das zonas mencionadas.

En relación á visibilidade na intersección de r/Revelle con Avda. de Cornazo, esta é boa debido ao espello panorámico que esta colocado fronte a intersección, o que pode xerar perigo e a velocidade á que veñen circulando os vehículos por Avda. de Cornazo, dita vía (Po-301) é de titularidade da Xunta de Galicia, polo que acórdase solicitar á Xunta a instalación de semáforos para regulación da intersección.

PRP2023/4630

Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Xestión en Comunidades, S.L. solicitando pintado de cuadrícula amarela para facilitar a saída do grupo San Roque. Visto o informe da Policía Local que sinala que o máis adecuado sería o pintado dunha cuadrícula amarela no carril dereito fronte á saída do Grupo San Roque, para evitar que cando o semáforo peonil do ambulatorio esté en vermello, ningún vehículo pare fronte á citada saída e así aproveitar o ciclo semafórico, para poder saír cara á esquerda, a Xunta de Goberno Local acorda remitir dita solicitude ao Ministerio de Fomento titular da citada vía.(N-640-A)

PRP2023/4828

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Santiago Dasilva, solicitando sinalización de limitación de circulación de vehículos pesados na rúa Tomiño de Castroagudín.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local, acorda non acceder ao solicitado xa que a rúa Tombiño é a entrada principal á zona de Castroagudín e o encoro, e pola que teñen que circular vehículos pesados para a realización de diversas tarefas, ademáis segundo indica o Sr Santiago Dasilva no seu escrito, o problema que o interesado ten coa circulación de vehículos pesados é nun camiño veciñal, e non na r/ Tombiño, polo que tendrá que resolver o problema cos titulares do citado camiño.

PRP2023/4831

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel González Lema solicitando o pintado de liña discontinua para facilitar a entrada aos garaxes do nº19 da Avda Rosalía de Castro.

Visto o informe da Policía Local sinalando que actualmente para acceder ao devanadito garaxes, só pódese entrar se vén sentido de Carril a Vilagarcía, sendo a saída no mesmo sentido. A saída é o normal, pois está moi próxima á rotonda do Ramal, na cal podemos virar para circular en sentido Vilagarcía-Carril. Con todo para entrar e debido aos cambios recentes de circulación na rúa A Concha, ao non poder virar vindo sentido Vilagarcía a Carril, agora faise bastante engoroso, pois hai que facelo subindo por rúa A Concha e baixando por San José para vir sentido Carril-Vilagarcía.

Pero ao tratarse dunha vía (PO 548, Km 19,1) titularidade da Xunta de Galicia, é a Xunta a que leva todo o referido á sinalización da vía, descoñecendo o motivo polo que non permiten o xiro á esquerda, sobre todo en base a que máis adiante si hai garaxes de vivendas unifamiliares que teñen permitido o xiro á esquerda para acceder aos mesmos.

En atención ao exposto, a Xunta de Goberno Local acorda reiterar a solicitude de pintado de liña discontinua antes citada, á Xunta de Galicia, tendo en conta os cambios de sinalización na paralela a Rosalía de Castro e rúa A Concha levados a cabo polo Concello.

PRP2023/4832

Dáse conta do escrito presentado por Don Constantino Bandin Barreiro, solicitando adopción de medidas de calmado do tráfico na rúa A Lagoa.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda colocar nas entradas da rúa Lagoa un sinal vertical R-301 de velocidade limitada a 30 km/h, dado as características da rúa, estreita con vivendas a ambas márxenes e regular visibilidade en moitos puntos, sendo 30 km/h unha velocidade máis que adecuada para a vía.

PRP2023/4833

Dáse conta do escrito presentado por D. Serafín Guillán Sayáns, solicitando o pintado de liña

amarela fronte á saída do garaxe da rua Oito da Rosaleda nº12. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda comunicar ao Sr. Guillán Sayáns que deberá solicitar placa de vao permanente.

PRP2023/4834

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Javier Álvarez Seoane, solicitando diversas melloras na rúa Vilar Ponte.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda dar traslado aos servizos de Alumeado, Obras e Urbanismo, éste ultimo para que emita informe sobre a aliñación do retranqueo dun muro fronte ao nº7 da citada rúa, así como da retirada das pedras que quedaron fora do muro retranqueado, e se as herbas que medraron na marxe do camiño están en propiedade particular ou en vía pública.

PRP2023/4835

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Jesús Balo Rodríguez solicitando retirada de sinal S-28 da fachada do baixo nº21 da rúa Arcebispo Lago.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local, acorda que se retire o sinal xa que ésta impide a realización de traballos da fachada e actualmente non é necesaria por existir sinalización espedífica de restricción de circulación.

PRP2023/4836

Dáse conta do escrito presentado por Dona María de la Cruz Lijó Bouzas solicitando solución á entrada do seu garaxe sito na rúa Santiago de Carril, debido ao cambio de circulación nun só sentido da citada rúa.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda non acceder ao solicitado de acceso en sentido contrario a particulares para o acceso á vivenda, posto que a manobra de uso do vao da vivenda nº9 pódese realizar incluso dun xeito máis sinxelo no sentido circulatorio actual.

Acórdase sinalizar con liña amarela continua a marxe oposta da calzada (esquerda en sentido baixada) para evitar calquera estacionamento que si dificultaría a entrada e saída de vehículos.

PRP2024/0019

Dáse conta da publicación no BOPPO, de 3 de xaneiro de 2023, das bases reguladoras e a convocatoria do Plan de Obras e Servizos (PLAN MAIS PROVINCIA) 2024. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/4750

Vista a proposta da Directora Accidental da Biblioteca Municipal, para cubrir a praza vacante de operario/a limpiador/a nas axencias de lectura municipais de Bamio e Vilaxoán. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Clece SA para o servizo de limpeza das axencias de lectura municipais de Bamio e Vilaxoán, cun importe mensual de 382,66 € (IVE incluído) para a Axencia de Bamio, importe mensual de 279,70€ (IVE incluído) para a Axencia de Vilaxoan, con cargo á partida 3321-22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2024/0016

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L., para reparto de material publicitario das actividades de carácter cultural durante o ano 2023, por importe de 2.758,80€ (IVE incluído), con cargo á partida 334.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2024/0001

Dáse conta da sinatura do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que se cofinancia con 1.000.000,00€, a actuación "Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Vilagarcía de Arousa".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/0020

Con data 13 de decembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación e os pregos que rexen a licitación denominada "Subministro dun vehículo tipo furgón para a Fundación de Servizos Deportivos Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa".

O 15 de decembro de 2023 publicáronse na plataforma de contratación do sector público o anuncio de licitación e os pregos, abríndose o prazo de presentación de ofertas, o cal rematou o 2 de xaneiro de 2024.

Unha vez rematado o citado prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningún licitador. Polo exposto, procede a aplicación a sensu contrario do artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que establece que "el órgano de contratación no podrá declarar desierta una licitación cuando exista alguna oferta o proposición que sea admisible de acuerdo con los criterios que figuren en el pliego".

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Declarar deserta a licitación denominada "Subministro dun vehículo tipo furgón para a Fundación de Servizos Deportivos Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa", ao non presentarse ningún licitador.
- Publicar o acordo adoptado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde ten aloxado o perfil do contratante o concello de Vilagarcía de Arousa.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:55 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.